

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, A UNIVERSIDADE DA CORUÑA E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EXTERNAS DO ALUMNADO DO MESTRADO UNIVERSITARIO EN ESTUDOS INGLESES AVANZADOS E AS SÚAS APLICACIÓNS (IMAES), NO CENTRO RAMÓN PIÑEIRO PARA A INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES.

REUNIDOS

Dunha parte, Román Rodríguez Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia, modificada pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 112/2020, de 6 de setembro, e no uso das atribución que lle confire o Decreto 130/2020, de 17 de setembro (DOG nº 190, do 18 de setembro), polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Doutra parte, D. Antonio López Díaz, Reitor Magnífico da Universidade de Santiago de Compostela, con CIF Q1518001A, que actúa en nome e representación dela en virtude do Decreto 57/2018, de 31 de maio, publicado no Diario Oficial de Galicia nº 106, do 5 de xuño de 2018, do seu nomeamento, e polas facultades conferidas pola Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades e o Decreto 14/2014, de 30 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

Doutra parte, D. Julio Ernesto Abalde Alonso, Reitor Magnífico da Universidade da Coruña, con CIF Q6550005J, en nome e representación dela e en virtude do nomeamento efectuado segundo o Decreto 5/2020 do 9 de xaneiro (DOG nº 7, do 13 de xaneiro de 2020), no exercicio das competencias que lle outorga o artigo 20 da Ley Orgánica de Universidades 6/2001, de 21 de decembro, modificada pola Lei Orgánica 4/2007, de 12 de abril, e no artigo 36.1.f) dos Estatutos desta universidade aprobados polo Decreto 101/2004, de 13 de maio, da Xunta de Galicia (DOG de 26 de maio) e modificados polo Decreto 194/2007, de 11 de outubro, (DOG de 17 de outubro).

Doutra parte, D. Manuel Joaquín Reigosa Roger, Reitor Magnífico da Universidade de Vigo, con CIF Q8650002B, nomeado segundo o Decreto da Comunidade Autónoma de Galicia 59/2018, de 31 de maio, publicado no Diario Oficial de Galicia (DOG) nº 109, do 8 de xuño de 2018, de acordo coas competencias que lle outorga o artigo 20 da Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades, e o artigo 29 dos Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, e publicados no DOG nº 38, do 22 de febreiro do 2019. Con enderezo en Edificio Exeria, campus universitario, 36310 Vigo.

Todos eles en virtude de poderes suficientes ou capacidades, que manifestan non lle foron modificados nin revogados, para comparecer neste acto e vincularse.



Todas as partes recoñécense plena capacidade e lexitimación bastante para a formalización do presente convenio e aos efectos

EXPOÑEN

Primeiro.- A adecuación dos programas educativos ás necesidades do mundo empresarial e o cooperativismo constitúe unha das preocupacións das universidades galegas.

Segundo.- O complemento que para a formación do alumno supón o coñecemento da realidade empresarial e das cooperativas no ámbito das ensinanzas teóricas impartidas ao alumno é un dos obxectivos que as universidades do SUG consideran de maior importancia.

Terceiro.- Todas as partes consideran necesario un maior achegamento entre o ámbito produtivo e as universidades, co obxecto de facilitar a futura inserción laboral dos universitarios mediante a alternancia da súa formación teórica con prácticas de empresa e cooperativas, acadando ao mesmo tempo a mellor cualificación e futura adaptación aos postos de traballo demandados por elas.

Cuarto.- Todo isto evidencia a necesidade dun convenio que enmarque a cooperación educativa entre os asinantes e delimite as garantías recíprocas dos alumnos e outras entidades no desenvolvemento do período de prácticas.

En consecuencia, acordan formalizar o presente Convenio de Colaboración a teor das seguintes

ESTIPULACIÓNS

Primeira.-OBXECTO.

As partes asinantes acordan establecer un programa para a realización de **prácticas externas** dos alumnos, nas instalacións do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (CRPIH), así como para achegar os seus expertos para aquela parte da docencia teórico-práctica especializada que fose precisa.

A través do presente convenio fíxanse as pautas e mecanismos de colaboración entre as partes -sen custo ningún para a Consellería de Cultura, Educación e Universidade- coa finalidade de establecer unha adecuada programación, desenvolvemento e verificación da colaboración

Segunda.- DOCENCIA TEÓRICO-PRÁCTICA E PRÁCTICAS TUTELADAS

Especificanse no ANEXO I (plan formativo das prácticas)

Terceira.- PERSOAS TITORAS

As funcións do tutor serán as indicadas na estipulación quinta, apartado d. Os titores do CRPIH terán dereito, a pedimento propio, a que se lles acredite documentalmente polas Universidades a colaboración efectuada.

Cuarta.- NÚMERO DE PRAZAS DO ALUMNADO



O número de prazas que se convocarán para realizar as prácticas determinarao a Comisión de Seguimento deste convenio e concretaranse nas convocatorias que faga a Comisión Académica do mestrado, nas que sempre se respectarán os principios de publicidade, igualdade e concorrência. .

Quinta.- RÉXIME DA REALIZACIÓN DAS PRÁCTICAS

As prácticas académicas externas levaranse a cabo de acordo coas seguintes normas:

a) PERSOAS DESTINATARIAS

Poderá participar nas prácticas o alumnado do Mestrado Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións (iMAES).

b) PERÍODO

O tempo de realización de prácticas tuteladas por parte dos alumnos será o número de horas recollido no plan de estudo correspondente.

c) TITORIZACIÓN DAS PRÁCTICAS.

Tanto o CRPIH coma as universidades, respectivamente, designarán senllos titores que se encargarán do seguimento das prácticas, supervisarán a súa realización e emitirán un informe final sobre o seu contido e avaliación.

Deste xeito, a entidade e o coordinador do mestrado, deberán asinar un documento no que figure perfectamente detallado cal será a tarefa do alumno, o período exacto del traballo, así como un apartado para un informe breve de ambos titores, onde se indique cal foi o nivel de aproveitamento do alumno e a súa apreciación sobre a capacidade do mesmo.

d) DEREITOS E OBRIGAS DA PERSOA TITORA DO CRPIH

O titor terá os seguintes dereitos:

- a) Ao recoñecemento da súa actividade colaboradora, por parte da universidade, en forma de certificado, de ser requirido polo interesado.
- b) A ser informado acerca da normativa que regula as prácticas externas, así como do Proxecto Formativo (Guía docente da materia) e das condicións do seu desenvolvemento.
- c) A ter acceso á Universidade para obter a información e o apoio necesarios para o cumprimento dos fines propios da súa función.

Tamén terá os seguintes deberes:

- a) Acoller ao estudante e organizar a actividade a desenvolver de acordo ao establecido no Proxecto Formativo
- b) Supervisar as súas actividades, orientar e controlar o desenvolvemento da práctica con unha relación baseada no respecto mutuo e no compromiso coa aprendizaxe.
- c) Informar ao estudante da organización e funcionamento da entidade, e da normativa de interese, especialmente a relativa á seguridade e riscos laborais.





- d) Coordinar co titor académico da universidade o desenvolvemento das actividades establecidas, incluíndo aquelas modificación do plan formativo que poidan ser necesarias para o normal desenvolvemento da práctica, así como a comunicación e resolución de posibles incidencias que puideran xurdir no desenvolvemento da mesma e o control de permisos para a realización de exames.
- e) Emitir os informes intermedio e final.
- f) Proporcionar a formación complementaria que precise o estudante para a realización das prácticas.
- g) Proporcionar ao estudante os medios materiais indispensables para o desenvolvemento da práctica.
- h) Facilitar e estimular a achega de propostas de innovación, mellora e emprendemento por parte do estudante.
- i) Facilitar ao titor académico da universidade o acceso á entidade para o cumprimento dos fins propios da súa función.
- j) Gardar confidencialidade en relación con calquera información que coñeza do estudante como consecuencia da súa actividade como titor.
- k) Prestar axuda e asistencia ao estudante, durante a súa estancia no centro, para a resolución daquelas cuestións de carácter profesional que poida necesitar no desempeño das actividades que realiza no mesmo.

e) CONTIDO DAS PRÁCTICAS.

O contido específico das prácticas, que se amosa no Proxecto Formativo no Anexo I deste convenio, tratará de proporcionarlle ao alumno unha visión da investigación máis acorde cos seus estudos no CRPIH, a través dos seus distintos departamentos directamente relacionados coa área de estudos que cobre o mestrado. Isto afecta a eidos da Literatura e da Lingüística tales como a terminoloxía científico-técnica, análise de datos bibliográficos, etiquetaxe de corpus, literatura galega, xeografía lingüística románica, lexicografía, frasesoloxía, etc.

f) MEMORIA DAS PRÁCTICAS.

Ao rematar o período de prácticas cada un dos alumnos deberá realizar unha memoria final sobre o traballo desenvolvido.

g) PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN.

A avaliación das prácticas realizaranas as universidades a través dos seus titores, tendo en conta a memoria elaborada polo alumno/a e o informe de prácticas realizado polo seu titor do CRPIH.

h) CERTIFICACIÓN DO CRPIH.

No caso de que a avaliación da memoria e o informe de actuación do alumno sexan favorables, o centro -a través do seu titor- emitiralles a cada un dos que participasen con regularidade nas prácticas unha certificación na que debe constar o tempo de colaboración e as actividades, traballos, investigacións, etc., realizados nela.



A certificación deberá especificar que carecerá de efectos académicos e que, para estes efectos, quedará supeditada a avaliación que realicen as universidades asinantes das prácticas.

i) EFECTOS DAS PRÁCTICAS.

A realización das prácticas tuteladas polos alumnos poderá supoñer o recoñecemento de créditos prácticos necesarios para a obtención dos títulos correspondentes, segundo a convocatoria específica de cada curso.

j) RELACIÓN CO CRPIH

Os alumnos en prácticas non terán, en ningún caso, vinculación laboral co CRPIH, nin terá consideración de contrato en prácticas, aprendizaxe, tempo parcial nin de calquera outra modalidade existente.

O alumnado en prácticas non poderán realizar tarefas de carácter laboral, estando estas sempre orientadas ás prácticas e cunha aprendizaxe tutorizada.

k) DEBERES E DEREITOS DO ALUMNADO

Durante a realización das prácticas académicas externas, os estudantes terán os seguintes dereitos:

- a) Á tutela, durante o período de duración da correspondente práctica, por un profesor da universidade e polo titor do CRPIH.
- b) Á avaliación de acordo cos criterios establecidos polas universidades asinantes.
- c) Á obtención dun informe por parte do titor do CRPIH, coa mención expresa da actividade desenvolvida, a duración e, no seu caso, o rendemento.
- d) Á propiedade intelectual e industrial nos termos establecidos na lexislación reguladora da materia.
- e) A cumprir coa súa actividade académica, formativa e de representación e participación, previa comunicación coa suficiente antelación á entidade colaboradora.
- f) A conciliar, no caso dos estudantes con discapacidade, a realización das prácticas con aquelas actividades e situacións persoais derivadas ou conectadas coa súa situación de discapacidade.
- g) Aqueles outros dereitos previstos na normativa vixente e/ou nos correspondentes Convenios de Cooperación Educativa subscritos polas universidades asinantes.

Así mesmo, os estudantes deberán atender ao cumprimento das seguintes obrigas:

- a) Cumprir a normativa vixente relativa ás prácticas externas establecida pola universidade.
- b) Coñecer e cumprir o Proxecto Formativo das prácticas, seguindo as indicacións do titor do CRPIH, baixo a supervisión do titor académico da universidade.
- c) Manter contacto co titor académico da universidade durante o desenvolvemento da práctica e comunicarlle calquera incidencia que poida xurdir no mesmo, así como facer entrega dos documentos e informes de seguimento intermedio y a memoria final que lle sexan requiridos.
- d) Incorporarse ao centro na data acordada, asumindo os gastos de desprazamento ao mesmo; cumprir o horario previsto no proxecto educativo e respectar as normas de funcionamento.



- e) Aplicar o Proxecto Formativo e cumprir con dilixencia as actividades acordadas co CRPIH.
- f) Elaboración da memoria final das prácticas, e, no seu caso, do informe intermedio.
- g) Gardar a confidencialidade en relación coa información interna do centro, e gardar secreto profesional sobre as súas actividades, durante o período de prácticas desenvolvidas nel e finalizado este.
- h) Mostrar, en todo momento, unha actitude respectuosa coa política do centro, salvagardando o bo nome da universidade á que pertence.
- i) Calquera outro deber previsto na normativa vixente e/o nos correspondentes Convenios de Cooperación Educativa subscritos polas universidades asinantes e, no seu caso, a entidade xestora de prácticas vinculada ás mesmas, coa entidade colaboradora.

Sexta.- SEGURIDADE DO ALUMNADO E RESPONSABILIDADE CIVIL

Os riscos de enfermidade ou accidente estarán cubertos polo correspondente seguro escolar para os alumnos menores de vinte e oito anos, ou se é o caso, polo réxime xeral da seguridade social de se tratar de alumnado incluído no ámbito de aplicación do Real Decreto 1493/2011, de 24 de outubro (BOE nº 259, de 27 de outubro). A cobertura para os/as estudantes maiores de vinte e oito anos rexerase polo establecido para o efecto en cada universidade.

A cobertura dos riscos derivados da responsabilidade civil do alumnado, que realiza prácticas tuteladas en empresas ou entidades, queda garantida polas universidades do SUG para o alumnado respectivo.

Sétima.- COMPETENCIAS DAS UNIVERSIDADES

A distribución de alumnos e a súa selección será competencia da Comisión de Seguimento, así como a organización de apoio teórico e práctico para o desenvolvemento das prácticas.

Oitava.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Créase unha Comisión de Seguimento e Interpretación do presente convenio integrada por parte das universidades asinantes, polo coordinador do mestrado, ou persoa na que delegue, e por parte do CRPIH, pola persoa que este designe

A Comisión de Seguimento terá as seguintes competencias con relación ás prácticas tuteladas:

1. Resolver os problemas que suscite na súa execución.
2. Interpretar e aplicar, con carácter xeral, as estipulacións de este convenio, así como controlar o seu cumprimento e resolver os conflitos entre partes.
3. Tomar medidas en relación ás incidencias que xurdan na realización das prácticas, incluída a expulsión de alumnos/as que non cumpran as cláusulas do convenio.

A comisión reunirse cando así o considere necesario calquera das partes.

Novena.- NORMATIVA APLICABLE SUPLETORIA

Ao presente convenio seralle aplicable subsidiariamente a seguinte normativa:

I.Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (artigos 47 e seguintes)



II. Real Decreto 1393/2007, de 29 de outubro polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias

III. Normativa de prácticas académicas externas das universidades asinantes

IV. Normativa do Plan de estudos da titulación

V. Real Decreto 592/2014 de 11 xullo polo que se regulan as prácticas académicas dos estudantes universitarios

Este convenio queda excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (artigo 6).

Décima.- ORZAMENTO

Este convenio non supón ningún custo nin para o CRPIH nin para as universidades, polo que non se precisa consignación orzamentaria

Décimo primeira.- VIXENCIA

O Convenio terá efectos desde a súa sinatura e a súa vixencia será de catro anos, e en todo caso polo tempo que duren as prácticas do alumnado, podendo prorrogarse para os seguintes catro anos de común acordo polas partes, ao abeiro do estipulado no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, e en tanto non se denuncie expresamente como mínimo cun ano de antelación.

As prórrogas tramitaranse como addenda ao convenio de colaboración.

En todo caso, non se poderá rescindir mentres existan estudantes realizando prácticas.

Décimo segunda. - RESOLUCIÓN DO CONVENIO

Serán causa de resolución do convenio:

- a) O mutuo acordo das partes.
- b) O incumprimento das estipulacións do mesmo, previa reunión da Comisión de Seguimento.

Décimo terceira.- REXISTRO DE CONVENIOS. TRANSPARENCIA E BO GOBERNO

A sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso do interesado á Administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, coa sinatura deste convenio as partes manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais que aparecen no mesmo e máis o resto das especificacións nel contidas poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Décimo cuarta.- NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse



electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica).

Décimo quinta.- ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais e, tamén, será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan a súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e respectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei).

Décimo sexta.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL E GARANTÍA DOS DEREITOS DIXITAIS.

As partes asinantes comprométense a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dos dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (BOE 06/12/2018) de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

O/a estudante en prácticas que por razón das actividades formativas teñan acceso, en calquera fase do tratamento, a datos de carácter persoal non revelará a persoa allea ao CRPIH información da que tivese coñecemento, nin utilizar ou dispoñer dela dun xeito ou con finalidade distinta á esixida polas accións formativas, obriga que subsistirá aínda despois de rematadas as mesmas, respondendo en caso de incumprimento do deber de secreto fronte ao centro, sen prexuízo das responsabilidades que por igual causa puidesen derivarse ante a Axencia Española de Protección de Datos.

A tal efecto o/a estudante poderá asinar coa entidade colaboradora un documento no que se obrigue a cumprir o deber de secreto antes citado.





Décimo sétima.- CONDICIÓN DE RESCISIÓN DA PRÁCTICA

O incumprimento por parte do alumno, das súas obrigas ante a entidade colaboradora, poderá determinar a perda automática dos seus dereitos como alumno en prácticas.

O feito demostrado de que as prácticas na entidade non se axusten ao acordado coa coordinación do título poderá ser motivo de rescisión delas e, neses casos, a Comisión de Coordinación deberá buscar unha solución de complemento para o período restante.

Décimo oitava.- XURISDICIÓN

As partes comprométese a resolver amigablemente as diferenzas que puidesen xurdir a través da Comisión de Seguimento.

Non obstante recoñécese a xurisdición contencioso-administrativa será a competente para dirimir cuestións litixiosas que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

Santiago de Compostela,

Pola consellería de Cultura, Educación e
Universidade

Pola Universidade de Santiago de
Compostela

D. Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade

D. Antonio López Díaz
Reitor da USC

Pola Universidade da Coruña

Pola Universidade de Vigo

D. Julio Ernesto Abalde Alonso
Reitor da UDC

D. Manuel Joaquín Reigosa Roger
Reitor da UVigo



ANEXO

PROXECTO FORMATIVO PARA PRÁCTICAS NO CENTRO RAMÓN PIÑEIRO

Dada a mobilidade dos proxectos que se desenvolven no Centro Ramón Piñeiro para a investigación en humanidades, os alumnos poderán ser adscritos nas súas prácticas a diversos proxectos, procurando sempre seleccionar aqueles que sexan máis acordes cos seus estudos e dos que poidan tirar un maior proveito para o seu futuro profesional.

Na situación actual o Centro pon ao dispor dos alumnos en prácticas os seguintes proxectos:

1. Obxectivos educativos

a) Proxecto: Fraseoloxía

1. Lograr certa familiaridade coa tradución do inglés ao galego e ao castelán, nun contexto de alta formalidade, como é o dunha revista especializada.
2. Dominar a terminoloxía lingüística e particularmente do mundo da fraseoloxía tanto en inglés coma en galego e castelán.
3. Dado que a fraseoloxía ten unha forte compoñente popular, a través das versións dos fraseoloxemas o alumno terá ocasión de enfrontarse ás expresións de distintas visións do mundo que reflicten as distintas culturas, e de buscar equivalentes nestas culturas para expresalas.
4. Que o alumno aprenda a relacionarse con especialistas para resolver as súas dúbidas lingüísticas e de interpretación dos textos.

b) Proxecto: Terminoloxía

1. Que o alumno se enfrente na práctica co traballo de terminoloxía sistemática desde unha perspectiva multilingüe.
2. Que o alumno aprenda a deseñar unha árbore de campo, cando traballe con terminoloxía sistemática.
3. Que o alumno entre en contacto coa metodoloxía de traballo da terminoloxía puntual.
4. Que o alumno aprenda a buscar a documentación necesaria para o traballo terminolóxico.

c) Proxecto: Corpus de referencia do galego actual

1. Que o alumno recoñeza a importancia que ten a elaboración dos corpóra lingüísticos e as súas posibles aplicacións.
2. Que o alumno se familiarice e comprenda as esixencias metodolóxicas necesarias para a elaboración dun corpus lingüístico.
3. Que o alumno sexa quen de preparar un texto para ser incorporado ao CORGA

d) Proxecto: Bibliografía informatizada da lingua galega

1. Que o alumno sexa capaz de dominar as fontes ás que debe acudir para estar ao tanto do que se produce en lingüística galega.
2. Que o alumno se decate da función e da importancia instrumental que teñen os repertorios bibliográficos como ferramenta de axuda á investigación.





3. Que o alumno sexa capaz de introducir todos os datos relevantes nunha ficha bibliográfica exhaustiva como as que integran a BILEGA.

e) Proxecto: Dicionario galego-italiano

a) Que o alumno se familiarice cos diversos enfoques que pode recibir unha obra lexicográfica bilingüe de acordo coa súa finalidade e orientación.

b) Que o alumno vexa que un dicionario bilingüe non é unha simple lista de equivalentes léxicos entre dúas linguas.

c) Que o alumno saiba reaccionar ante a frecuente presenza de falsos amigos.

d) Que o alumno sexa quen de buscar os recursos e os medios para elaborar unha entrada lexicográfica aceptable.

e) Que o alumno se habitúe á utilización dun programa informático para a realización dun dicionario bilingüe.

f) Proxecto: Base de datos do *Atlas Linguistique Roman*

a. Que o alumno perciba a importancia que ten unha base de datos dialectal que abrangue todas as variedades románicas para a investigación lingüística e cultural.

b. Que o alumno se decate da importancia do traballo colaborativo para a construción de ferramentas básicas para o estudo lingüístico.

c. Que o alumno sexa capaz de introducir os datos de tipo fonético, gramatical, léxico-semántico e xeográfico na Base de datos do ALiR.

g) Proxecto: Elaboración de recursos para o desenvolvemento das tecnoloxías da fala

a. Que o alumno se decate da importancia que teñen as tecnoloxías da fala na sociedade actual e, particularmente, na automatización das comunicacións e da transmisión da información.

b. Que o alumno se familiarice con programas de análise do son e de aliñamento texto-son.

c. Que o alumno sexa capaz de transcribir e etiquetar textos orais.

h) Proxecto: Informes de literatura

a. Que o alumno capte a complexidade do fenómeno literario: escritura, produción e recepción.

b. Que o alumno se familiarice cos medios para a busca de información sobre a produción e a recepción literaria.

c. Que o alumno sexa capaz de extractar o máis importante dunha obra literaria e facer unha valoración dela.

i) Proxecto: Arquivo Galicia Medieval

a. Que o alumno se decate da importancia que ten a produción literaria medieval dentro do contexto da literatura románica.

b. Que o alumno se familiarice cos problemas retóricos, lingüísticos e de edición da produción literaria medieval.

c. Que o alumno vexa a importancia que ten a edición electrónica e os recursos informáticos para o estudo e difusión da literatura medieval.



Actividades a desenvolver:

A) Fraseoloxía:

- a. Traducións dunha lingua estranxeira ao galego e ao castelán.
- b. Revisións de traducións realizadas por outros.
- c. Realizacións de resumos ou abstracts de artigos especializados.

B) Terminoloxía:

- a. Colaboración nun proxecto de terminoloxía sistemática dalgunha lingua de especialidade.
- b. Resposta, supervisada, a posibles consultas de terminoloxía puntual.
- c. Alimentación de bases de datos terminolóxicas.

C) Corpus de referencia do galego actual

- a. Revisión de textos
- b. Etiquetación de textos mediante editores de xml
- c. Incorporación de textos de distinta índole ao CORGA

D) Bibliografía informatizada da lingua galega

- a. Busca de publicacións producidas no ano sobre a lingua galega
- b. Introducción dos datos bibliográficos na Base de datos BILEGA
- c. Elaboración de resumos dos traballos publicados para introducir en BILEGA

E) Dicionario galego-italiano

- a) Colaborar na redacción de entradas lexicográficas do Dicionario
- b) Buscar recursos en corpus de tradución para a elaboración das entradas
- c) Revisar entradas realizadas que necesitan unha actualización

F) Base de datos do *Atlas Linguistique Roman*

- a. Lectura e análise dos datos presentes nos “tableaux” e nas sínteses románicas do *Atlas Linguistique Roman*.
- b. Introducción de datos das distintas linguas románicas na BD-ALiR
- c. Asignación dunha motivación semántica a cada denominación.

G) Elaboración de recursos para o desenvolvemento das tecnoloxías da fala

- a. Axudar na construción de corpus específicos para o desenvolvemento dalgunha ferramenta de tecnoloxías da fala.
- b. Introducir textos orais a través de ELAN
- c. Revisar transcripcións automáticas de textos orais co auxilio do SFS ou outro programa similar.

H) Informes de literatura

- a. Buscar nas revistas, particularmente nas literarias, e nos xornais as recensións sobre obras literarias.





b. Buscar nas revistas e xornais información sobre representacións de obras teatrais e presentacións de obras literarias.

c. Elaborar a sinopse de obras literarias para a súa incorporación aos Informes de literatura.

l) Arquivo Galicia Medieval

a. Colaborar na realización de novas edicións, seguimento dos estudos aparecidos e análise de aspectos literarios e lingüísticos da lírica profana galego-portuguesa.

b. Colaborar na realización de novas edicións, seguimento dos estudos aparecidos e análise de aspectos literarios e lingüísticos da produción en prosa galego-portuguesa.

c. Colaborar na realización de novas edicións, seguimento dos estudos aparecidos e análise de aspectos literarios e lingüísticos das cantigas de Santa María.

